

# APRADOGA

Asociación de Profesionais da Rama Artística da Dobraxe de Galicia

## ESTATUTOS



Santiago de Compostela  
1 de xuño de 2006

## ÍNDICE

<u>CAPÍTULO 1. CONSTITUCIÓN, DOMICILIO, DURACIÓN E ÁMBITO.....</u> Artigos 1 ó 5.	pág. 2
<u>CAPÍTULO 2. FINS DA ASOCIACIÓN.....</u> Artigo 6.	pág. 2 - 3
<u>CAPÍTULO 3. ASOCIADOS.....</u> Artigos 7 ó 19.	pág. 3 - 7
<u>CAPÍTULO 4. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN.....</u> Artigos 20 ó 39.	pág. 7
Apartado I. A ASEMBLEA XERAL..... Artigos 20 ó 27.	pág. 7 - 10
Apartado II. A XUNTA DIRECTIVA..... Artigos 28 ó 35.	pág. 10 - 13
Apartado III. O COMITÉ DE GARANTÍAS..... Artigos 36 ó 39.	pág. 13
Apartado IV. A XERENCIA..... Artigos	pág 13 - 14
Apartado V. AS COMISIÓNS HORIZONTAIS..... Artigos 40 e 41.	pág. 14
<u>CAPÍTULO 5. RÉXIME ECONÓMICO.....</u> Artigos 43 ó 47.	pág. 14 - 15
<u>CAPÍTULO 6. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN.....</u> Artigo 48.	pág. 15
<u>CAPÍTULO 7. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.....</u> Artigo 49.	pág. 16
<u>DISPOSICIÓN ADICIONAL.....</u>	pág. 16

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN APRADOGA**  
**(Asociación de Profesionais da Rama Artística da Dobraxa de Galicia)**

**CAPÍTULO 1. CONSTITUCIÓN, DOMICILIO, DURACIÓN E ÁMBITO.**

**Artigo 1.-** De conformidade coa Lei 1/02, do 22 de marzo, e a disposición transitoria primeira, constitúese baixo a denominación de **ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA RAMA ARTÍSTICA DA DOBRAXA DE GALICIA (APRADOGA)** unha asociación, sen ánimo de lucro, no sector da dobraxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que agrupa persoas físicas que teñan a calidade de Actores, Directores e Directores - Adaptadores/Axustadores de textos para dobraxe.

**Artigo 2.- APRADOGA** goza de plena personalidade xurídica e plena capacidade para obrar no cumprimento dos seus fins, cumprindo os requisitos que a lei establece, mediante o depósito dos presentes Estatutos na Oficina Pública establecida para o efecto. Un Regulamento de Orde Interna da Asociación ( en diante R.O.I. ) regulará e desenvolverá con maior detalle todo o concernente ó seu funcionamento, sen que, en ningún caso, poida entrar en contradición cos presentes Estatutos.

**APRADOGA** é independente de calquera sindicato, organización laboral, grupo relixioso, político, económico ou ideolóxico e acóllese ó Artigo 14 da Constitución Española aprobada polas Cortes o 31 de outubro de 1978<sup>(\*)</sup>. Independentemente, para a consecución dos seus fins **APRADOGA** mesmo pode crear, promover e participar noutras entidades ou institucións.

**Artigo 3.- APRADOGA** desenvolverá a súa actividade en todo o territorio galego, sen prexuízo da posibilidade de que pertencen á mesma profesionais con residencia fóra do seu ámbito territorial.

**Artigo 4.-** O domicilio social de **APRADOGA** establécese en Rúa do Boán, 50 (VIGO). Non obstante, poderá establecer toda clase de oficinas e dependencias en calquera localidade onde se estime conveniente para o mellor logro dos seus fins. Por acordo da Xunta Directiva poderase acordar-lo cambio de domicilio, se se estimase conveniente.

**Artigo 5.-** A duración de **APRADOGA** será indefinida, e a súa disolución será regulada polos presentes Estatutos e a lexislación vixente.

**CAPÍTULO 2. FINS DA ASOCIACIÓN.**

**Artigo 6.-** Serán considerados fins de **APRADOGA**:

**a)** O seguimento e a protección do cumprimento da legalidade vixente, defendendo a existencia dun marco laboral digno, esixindo e canalizando as reivindicacións profesionais e velando polos intereses comúns, para que as empresas e os traballadores cumpran a lexislación laboral e a aplicación axustada a dereito dos Convenios Colectivos.

**b)** A promoción e defensa da imaxe pública do traballo dos asociados, impulsando cantas actividades contribúan á súa mellora profesional.

---

<sup>(\*)</sup>Art. 14.- Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- c) O intercambio de experiencias entre os asociados, a análise dos problemas profesionais comúns e a procura de solucións para estes.
- d) A representación dos intereses dos profesionais asociados participando na realización de proxectos ou estudos que afecten á súa situación social, laboral e profesional.
- e) A representación dos intereses profesionais dos Asociados en tódolos organismos estatais ou das nacionalidades.
- f) A protección xurídica dos seus asociados utilizando cantos medios legais estean ó seu alcance.
- g) A xestión por si mesma, ou en coordinación con outras asociacións ou centrais sindicais de clase, e a adopción de medios tendentes á protección e mellora dos dereitos dos profesionais asociados participando, chegado o caso, nas deliberacións dos Convenios Colectivos sindicais.
- h) En xeral, cantas outras funcións de análoga natureza se consideren necesarias ou convenientes, ou lle sexan encomendadas polas disposicións vixentes ou que se dicten no futuro.
- i) Administra-los bens que poida adquirir a calquera título.

### **CAPÍTULO 3. ASOCIADOS.**

**Artigo 7.-** Poderán ser socios de **APRADOGA** en xeral e sen prexuízo do establecido nos presentes Estatutos e no Regulamento de Orde Interna, tódolos Actores, Directores e Directores -Adaptadores/Axustadores de textos para dobreaxe que levan a cabo a súa actividade profesional en Galicia.

Calquera asociado poderá mante-la militancia sindical que estime conveniente e ser recoñecida a mesma en calquera xuntanza e Asemblea desta Asociación.

**Artigo 8.-** Para solicita-la cualidade de asociado, cómpre a petición escrita dirixida ó Presidente da Asociación, quen a someterá á decisión da Xunta Directiva na primeira xuntanza que se celebre, acreditando a realización das actividades mencionadas no **Artigo 7** e sendo avalado por, polo menos, tres membros da Asociación.

As normas de admisión e inscrición en **APRADOGA** regularanse polo correspondente R.O.I.

**Artigo 9.-** A condición de asociado supón a aceptación dos Estatutos e do R.O.I., así como as modificacións que puideran sufrir no seu día, e así mesmo, o acatamento das decisións dos Órganos de Goberno adoptadas validamente nas esferas das súas respectivas competencias.

A efectos de constancia e garante dos asociados levarase un libro rexistro dos mesmos, dilixenciado polo Secretario co Visto e Prace do Presidente e do que se expedirán os oportunos certificados.

#### **Artigo 10.- Serán Dereitos dos Asociados de APRADOGA:**

- a) Participar dos beneficios que outorgue a Asociación e nas súas actividades e nos Órganos de Goberno e Representación expresando libremente as súas opinións nas Asembleas, exerce-lo dereito a voto e asistir ás Asembleas Xerais de acordo cos Estatutos e o R.O.I.
- b) Ser informados da composición dos Órganos de Goberno e Representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade, segundo o establecido nos Estatutos e no R.O.I.
- c) Utiliza-los servizos da asociación para se asesorar e defende-los seus intereses profesionais.

**d)** Someter á Xunta Directiva as propostas que consideren de interese para a Asociación e solicita-la mediación nos problemas que lles afectan.

**e)** Ser escoitados con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra e ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

**f)** Exerce-lo voto de censura á xestión da Xunta Directiva en cada Asemblea ordinaria ou extraordinaria polo procedemento que se determine no R.O.I.

#### **Artigo 11.- Serán Obrigas dos Asociados de APRADOGA:**

**a)** Comparti-las finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas, cumpri-los Estatutos e o R.O.I., acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados polos Órganos de Goberno e Representación da Asemblea Xeral e cumpri-lo convenio colectivo vixente.

**b)** Velar pola dignidade profesional e poñer en coñecemento da Asociación tódalas actividades que non se axusten a dereito no exercicio da profesión.

**c)** Satisfacer puntualmente as cotas sociais, derramas e outras contribucións aprobadas pola Asemblea Xeral.

**d)** Acepta-la mediación que propoña a Asociación para a solución das diverxencias que poidan xurdir con outros socios, coa asociación ou coas empresas dedicadas á dobraxe, sen que isto supoña renuncia algunha ó exercicio dos dereitos que a lexislación lles outorga.

**e)** Asistir ás Asembleas ordinarias e extraordinarias da Asociación exercendo o seu dereito ó voto cando sexa necesario.

**f)** Cumprir co resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias e do R.O.I.

#### **Artigo 12.- Admisión de Asociados.**

Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas físicas que, previa solicitude axustada ó establecido no **Artigo 8** reúnan ademáis as seguintes condicións que se deben considerar como cualificación profesional.

**1º)** Terse dedicado profesionalmente como Actor, Director ou Director -Adaptador/Axustador de textos para Dobraxa en Galicia durante os últimos 6 meses previos á súa solicitude de ingreso na Asociación.

**2º)** Estar desenvolvendo unha actividade non descrita, pero que a xuízo da Xunta Directiva o faga acredor de pertencer á Asociación.

Os aspirantes a ser Asociados indicarán na súa solicitude en qué área ou áreas están desenvolvendo a súa actividade a efectos de participar na discusión de problemas concretos do seu grupo profesional. As áreas delimitaranse pola Xunta Directiva, comprendendo, a capítulo enunciativo e non limitativo, as seguintes:

a) Actores

b) Directores

c) Directores - Adaptadores/Axustadores de textos para dobraxe.

A Xunta Directiva actualizará as áreas, se o estima oportuno, atendendo á evolución do sector e a súa ampliación ou modificación comunicándose na Asemblea Ordinaria que se convoque con posterioridade á modificación.

Establecidas as áreas recollidas neste artigo, a Xunta Directiva poderá asignar un responsable de cada unha das áreas podendo ser este un dos membros da Xunta Directiva ou un dos Asociados.

### **Artigo 13.- Procedemento de Admisión.**

a) O interesado deberá formaliza-la súa solicitude por escrito dirixido á Xunta Directiva; esta deberá resolver nun prazo non superior a un mes a contar a partir do seguinte ó da presentación do escrito de solicitude, comunicándolle a resolución ó solicitante por carta no seu domicilio ou por correo ó seu enderezo electrónico.

Transcorrido dito prazo sen resolución expresa por parte da Xunta Directiva, entenderase denegada a admisión.

As resolucións da Xunta Directiva en materia de Admisión e Baixa serán ratificadas pola Asemblea Xeral tal como se recolle nos puntos **g) e h)** do **Artigo 25** destes Estatutos.

b) Denegada a admisión, o solicitante poderá recorrer no prazo dun mes a contar desde a súa notificación ou da fin do prazo. Dito recurso dirixirase á Asemblea Xeral que o resolverá, na primeira que se realice, por medio de votación secreta. É preceptiva en ámbolos dous casos a audiencia previa do interesado.

c) O acordo de admisión tamén poderá ser impugnado, por Asociados que representen como mínimo o 25% dos mesmos, no prazo máximo de un mes desde a comunicación do acordo á Asemblea Xeral, presentándolle á Xunta Directiva escrito no que figuren os seus nomes e sinaturas; esta resolverá no prazo máximo de un mes. Tamén se poderá presentar este escrito ante a Asemblea Xeral, no mesmo prazo de un mes e esta deberá resolve-la impugnación, por votación secreta, na primeira que se realice. En ámbolos dous casos cómpre a audiencia previa do interesado.

Ata que non estea transcorrido o prazo para recorrer, ou ata que resolva a Asemblea Xeral, quedará en suspenso o acordo de admisión.

### **Artigo 14.- Baixa Voluntaria do Asociado.**

O Asociado pódese dar de baixa voluntariamente da Asociación en calquera momento, mediante comunicación por escrito á Xunta Directiva cunha antelación de polo menos un mes á data efectiva de baixa.

### **Artigo 15.- Baixa Obrigada ou Expulsión.**

Cesará obrigatoriamente o Asociado que perda os requisitos esixidos para adquirir tal condición, ou que deixe de cumprir-las obrigas establecidas nos presentes Estatutos.

A baixa obrigatoria será acordada pola Xunta Directiva de oficio ou a petición de calquera Asociado ou do interesado, en todo caso, previa audiencia do mesmo.

Se o Asociado estivese non conforme co acordo da Xunta Directiva sobre a baixa, poderá impugnar dito acordo ante a Xurisdición ordinaria, podendo ser recorrido previamente ante a Asemblea Xeral, no prazo dun mes desde a notificación do acordo de baixa.

En ningún caso se terá dereito á devolución total ou parcial das cotas reportadas ata o momento da solicitude de baixa. No suposto de reingreso dunha persoa que voluntariamente deixase de pertencer á Asociación, estarase ó que o R.O.I. especifique en cada caso.

Os dereitos de Asociados pérdense:

**1º)** Por falta de pago das cotas que se especifiquen no R.O.I. e que foran debidamente reclamadas. Correspóndelle á Xunta Directiva adoptar este acordo.

**2º)** Por acordo da Xunta Directiva, en sesión convocada expresamente, segundo o procedemento establecido nos Estatutos; deste acordo deberá dar conta á Asemblea Xeral na súa primeira reunión onde deberá ser ratificada. Poderase acorda-la expulsión polos seguintes motivos:

- a) Por falsidade comprobada dos datos, méritos e condicións aportados para o seu ingreso na Asociación.
- b) Por incumprimento das obrigas fixadas nestes Estatutos.
- c) Por usurpación de funcións da Xunta Directiva ou de calquera dos Membros.
- d) Por valerse da condición de Asociado para desenvolver actividades contrarias ás leis.
- e) Por falsificar documentos, sinaturas, selos, marcas, claves ou datos análogos, relevantes para a relación da Asociación cos seus Asociados ou con terceiros.
- f) En xeral, por realizar unha conduta impropia e lesiva para os fins e a proxección pública da Asociación.

**Artigo 16.-** Tanto a baixa forzosa coma a voluntaria implicarán para os Asociados a perda de tódolos dereitos, mesmo os de carácter económico, que lles puidesen corresponder na Asociación, sen que, nin entón nin de se producir no seu día a disolución desta última, teñan dereito algún a participar no eventual reparto do remanente neto do haber común. En todos estes casos de baixa a Xunta Directiva adoptará as disposicións e garantías que estime procedentes para asegura-la efectividade dos acordos, compromisos, operacións pendentes de realización ou de utilización en canto atinxa ou corresponda ó Asociado que causa baixa.

A rehabilitación dos dereitos perdidos por falta de pago poderase solicitar á Xunta Directiva, que, previo informe do Secretario e do Tesoureiro, resolverá o procedente atendendo ás circunstancias de cada caso e fixando as compensacións económicas que recolla o R.O.I.

#### **Artigo 17.- Normas de Disciplina Social.**

Os Asociados só poderán ser sancionados por incumprimento das obrigas establecidas nestes Estatutos, conforme ó procedemento previamente establecido e con audiencia do interesado. A sanción das faltas cometidas polos Asociados, que se clasifican en graves e leves, é competencia indelegable da Xunta Directiva, con informe previo do Comité de Garantías, que estará formado segundo se especifica no R.O.I.

Serán faltas graves:

- O incumprimento das obrigas económicas coa Asociación.
- A non asistencia inustificada ás últimas catro Asembleas Xerais debidamente convocadas.

- Os malos tratos de palabra ou de obra ós outros Asociados con ocasión das reunións dos Órganos Sociais.

Serán faltas leves:

- Aquelas que se tipifiquen no R.O.I.

**Artigo 18.-** As sancións que se poidan impoñer ós Asociados pola comisión de faltas serán:

- Por faltas graves, multa de 300 a 1.200€ ou expulsión.
- Por faltas leves, amonestación verbal ou por escrito, ou multa de 60 a 300 €.

As faltas graves prescribirán ós dous meses e as leves ó mes, contados a partir da data en que a Xunta Directiva ou o Comité de Garantías tivese coñecemento da súa comisión e en todo caso ós doce meses desde a data en que se cometese.

A prescrición interrompese pola incoación do procedemento de sanción, pero só no caso de que no mesmo recaese resolución e fose notificada no prazo de tres meses desde a súa iniciación.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, cando a sanción sexa a expulsión e a causa sexa atoparse o Asociado ó descuberto nas súas obrigas económicas, non operarán os prazos de prescrición establecidos neste artigo, podéndose acorda-la expulsión en calquera momento, a non ser que o Asociado regularice a súa situación durante a tramitación do expediente.

**Artigo 19.- Órgano Sancionador e Procedemento.**

1. A facultade de sancionar é competencia indelegable da Xunta Directiva.
2. En tódolos supostos de sancións o Comité de Garantías instruirá expediente ó efecto e será preceptiva a audiencia ó interesado quen poderá facer alegacións por escrito.
3. Nos supostos de sanción e sen prexuízo do carácter executivo do acordo da Xunta Directiva, o Asociado poderá recorrer, no prazo de 30 días desde a súa notificación, ante a Xunta Directiva. Dito recurso levarase ante a Asemblea Xeral, debéndose incluír como primeiro punto na orde do día da primeira Asemblea que se realice, e resolverase por medio de votación secreta con audiencia previa do interesado, podéndose formalizar esta mediante as súas alegacións por escrito.
4. Cando a sanción sexa a expulsión e a causa sexa atoparse o ASOCIADO ó descuberto nas súas obrigas económicas, non operarán os prazos de prescrición, podéndose acorda-la expulsión en calquera momento, a non ser que o Asociado regularice a súa situación durante a tramitación do expediente de acordo co especificado no último parágrafo do **Artigo 18** destes Estatutos.

#### **CAPÍTULO 4. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN.**

##### **Apartado I. ASEMBLEA XERAL.**

**Artigo 20.-**A Asemblea Xeral é o órgano máximo da Asociación e estará integrada por tódolos Asociados. As reunións da Asemblea Xeral serán Ordinarias e Extraordinarias, as Ordinarias celebraranse, cando menos, unha



vez ó ano. Con carácter extraordinario reunirse sempre que sexa convocada pola Xunta Directiva, ou cando o solicite unha terceira parte, polo menos, dos Asociados.

**Artigo 21.-** A Asemblea Xeral, tanto Ordinaria coma Extraordinaria, quedará constituída de pleno dereito de se atoparen presentes ou representados a metade máis un dos membros en primeira convocatoria. En segunda convocatoria poderase constituír pasada media hora da primeira calquera que sexa o número de asistentes. Porén, cando se teñan que adoptar acordos sobre a disolución da Asociación atenderase ó estipulado no **Artigo 49** destes Estatutos.

Os membros da Asociación poderán asistir á Asemblea Xeral representados por outro membro debidamente acreditado.

**Artigo 22.- Forma da Convocatoria.**

1. A convocatoria da Asemblea Xeral efectuarase mediante anuncio exposto publicamente no domicilio social da asociación e nos taboleiros de anuncios das empresas do sector, así como por carta no domicilio do Asociado, ou por correo ó seu enderezo electrónico.

2. A convocatoria farase pública cunha antelación mínima de quince días no suposto de Asemblea Ordinaria, e de tres días no da Asemblea Extraordinaria, e máxima de dous meses á data da súa celebración.

3. A convocatoria indicará polo menos data, hora, lugar de reunión en primeira e segunda convocatoria cun intervalo de tempo entre a primeira e a segunda convocatoria como mínimo de media hora, expresando con claridade, precisión e detalle dabondo os asuntos que compoñen a Orde do Día. Calquera Asociado terá acceso á documentación relativa á Orde do Día -bastará con solicitarlla á Xunta Directiva- podéndoa examinar no domicilio social da Asociación ou no lugar no que sexa convocado a tal efecto.

**Artigo 23.- O dereito de voto.**

Cada Asociado ten dereito a un voto.

O dereito de voto poderase exercitar por medio doutro Asociado que non poderá representar a máis de tres Asociados. A delegación de voto, que só se poderá realizar para unha asemblea concreta, deberase efectuar mediante escrito autógrafa ou poder especial suscrito polo representado para cada asemblea, verificada tal representación polo Secretario da Asemblea.

A representación conferida entenderase revogada se o Asociado representado asiste á Asemblea Xeral para a que concedeu a súa representación.

Admitirase a delegación de voto por calquera sistema electrónico a partir de que o R.O.I. regule a verificación da tal delegación.

**Artigo 24.- Funcionamento da Asemblea.**

1. A Asemblea Xeral estará presidida polo Presidente, e, no seu caso, polo Vicepresidente e, en ausencia deste, pola persoa que designe a Xunta Directiva. Actuará de Secretario quen exerza esa función na Xunta Directiva, e, no seu defecto, a persoa que designe a Asemblea.

2. Correspóndelle ó Presidente face-lo cómputo dos asistentes á Asemblea e declarar, no seu caso, constituída a mesma. De igual maneira, correspóndelle ó Presidente dirixi-las deliberacións, mante-la orde no desenvolvemento da Asemblea, e velar polo cumprimento das formalidades legais e estatutarias.

**3.** As votacións serán secretas nos supostos previstos na Lei ou cando teñan por finalidade a elección ou renovación dos membros dos órganos sociais. Adoptarase tamén mediante votación secreta, o acordo sobre calquera punto da orde do día, cando así o solicite un dez por cento dos votos presentes e representados.

**4.** Serán nulos os acordos sobre asuntos que non consten na orde do día, agás o de convocar unha nova Asemblea Xeral e prorroga-la sesión.

**5.** Así mesmo, a Xunta Directiva ou, no seu caso, a Asemblea Xeral, poderán autoriza-la asistencia, sen dereito a voto, de calquera outra persoa da que a súa presenza resulte de interese para o bo funcionamento da Asociación.

#### **Artigo 25.- Competencias.**

A Asemblea Xeral, debidamente convocada e constituída, ten as máis amplas facultades para deliberar e resolver cantos asuntos teñan relación cos fins da Asociación.

Compételle á Asemblea Xeral:

**a.** Elixir, de entre as candidaturas ou candidatos presentados, a Xunta Directiva da Asociación cando corresponda de acordo coas normas electorais incluídas no R.O.I.

**b.** A aprobación da Acta da Asemblea anterior, o exame e aprobación, se procede, das contas do exercicio correspondente, así como do orzamento do exercicio seguinte e a fixación das cotas que ós asociados lles correspondan para cubri-lo.

**c.** A aprobación ou reprobación da actuación dos Órganos Representativos da Asociación.

**d.** Delegar na Xunta Directiva, total ou parcialmente, a facultade de amplia-lo orzamento de gastos durante o exercicio.

**e.** A aprobación e reforma dos Estatutos.

**f.** A disolución e liquidación da Asociación.

**g.** Ratifica-las altas na Asociación aprobadas pola Xunta Directiva.

**h.** A ratificación das baixas sempre que non sexan por vontade propia ou falta de pago de cotas.

**i.** Calquera outra competencia que lle veña atribuída por lei.

**Artigo 26.-** Os acordos tomaranse por tres cuartas partes dos votos presentes ou representados. Cada membro terá dereito a un voto salvo no caso de que ostente a delegación de voto nas condicións reguladas no **Artigo 23** dos Estatutos.

De cada reunión levantarase unha acta que recolla a marcha dos debates e intervencións que tivesen lugar, así como as modalidades de decisión (unanimidade ou maioría), e os votos particulares que houber sobre as decisións adoptadas con expresión dos seus autores. As actas inseriranse nun libro debidamente dilixenciado e serán autorizadas polo Secretario da Asociación, co Visto e Prace do Presidente. De cada acta, o Secretario, co Visto e Prace do Presidente, expedirá os certificados que se precisen e soliciten.

**Artigo 27.-** Nas reunións unicamente poderán ser tratados e coñecidos os asuntos que previamente foran sinalados pola Xunta Directiva na Orde do Día (excepto no suposto contemplado no seguinte parágrafo deste **Artigo**) que

deberá incluír tódalas propostas ou asuntos que sexan solicitados polo menos por un 25% dos Asociados, sempre que conste a proposta por escrito dirixido á Xunta Directiva dentro dos tres días seguintes á publicación da convocatoria.

Se o Presidente, ou persoa que o substitúa, por razóns de extrema urxencia considerase oportuna a inclusión dalgún novo punto a tratar con posterioridade á publicación da Orde do Día, poderao facer na propia Asemblea Xeral dándoo a coñecer no comezo da mesma.

Nas Asembleas Xerais, sexan Ordinarias ou Extraordinarias, é obrigada a existencia dun punto na Orde do Día reservado a Rogos e Preguntas. Neste punto serán expostos todos aqueles temas que non necesiten aprobación. Os temas que, propostos no punto de rogos e preguntas, necesiten a aprobación da Asemblea deberán ser tratados nunha próxima Asemblea Xeral tendo que figurar como Puntos da súa Orde do Día.

## **Apartado II. XUNTA DIRECTIVA.**

### **Artigo 28.- Elección.**

A mesa electoral constituirase con tres membros da Asemblea Xeral, os dous máis vellos e o de menor idade que non formen parte de ningunha candidatura e será presidida polo membro da mesa que designen os seus compoñentes.

A Xunta Directiva estará constituída por seis membros: un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e os vogais 1º e 2º elixidos na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto mediante listas pechadas e en votación secreta por maioría das tres cuartas partes dos votos presentes e representados en primeira volta; de non acadar ningunha candidatura maioría suficiente en primeira volta, realizarase unha segunda volta de votacións considerándose elixida a Candidatura que obteña o maior número de votos. A elección será por un período de dous anos, sen prexuízo da súa posible reelección.

Nas candidaturas deberán figurar nome, apelidos e sinatura dos Asociados que a integren e serán identificadas, a efectos electorais, polo nome do asociado que figure nelas como Presidente. Poderanse presentar ó Secretario da Asociación desde a convocatoria da Asemblea na que se vaia celebra-la elección ata trinta minutos antes do comezo da mesma.

De non presentarse ou non resultar elixida ningunha candidatura a Xunta Directiva, a propia Asemblea pode propoñe-la súa formación *in situ*.

Non poderá ser proposto candidato, nin elixido para ser Presidente, quen desenvolvera tal cargo durante dous mandatos previos á elección. Tampouco será compatible o cargo de Presidente co desenvolvemento ~~dun cargo político~~, dun posto de alta dirección en calquera das empresas do sector, canles, plataformas dixitais, operadores de cable ou calquera tipo de cargo público.

A distribución dos cargos será realizada pola Xunta Directiva na primeira sesión que celebre; esta, necesariamente, levarase a cabo dentro dos trinta días seguintes a contar desde a celebración da Asemblea Xeral na que foron elixidos. En caso de baixa, cesamento ou dimisión do Presidente, a Xunta Directiva elixirá, de acordo co R.O.I., un novo Presidente, o nomeamento do cal deberá recaer sobre o Vicepresidente ou un dos Vogais. No caso de cesamento ou dimisión doutro membro distinto do Presidente actuarase tamén conforme ó R.O.I.

A Xunta Directiva poderá propoñer provisionalmente o nomeamento de vogais para ocupa-las vacantes que existan; deberán ser ratificados na primeira Asemblea que se convoque con posterioridade á designación.

**Artigo 29.-** A Xunta Directiva reunirse preceptivamente cada seis meses. As sesións extraordinarias poderán ser convocadas por motivos e causas que o xustifiquen, por decisión do Presidente ou cando llo soliciten polo menos tres dos seus compoñentes. Os membros da Xunta Directiva serán convocados para cada reunión con seis días, polo menos, de antelación á data en que deban reunirse e en caso de urxencia apreciada polo Presidente a que este estime oportuna.

A asistencia ás reunións da Xunta Directiva poderá ser remunerada, excepto no caso de delegación de voto, de acordo co que se determine no R.O.I.

A delegación de voto para as reunións da Xunta Directiva poderase facer mediante correo electrónico, ou calquera outro escrito, dirixido ó membro que actúe de Presidente nesa xuntanza..

Para que resulte válida a reunión, en primeira convocatoria, deberán estar, presentes ou representados, a metade máis un dos seus membros. Se na citación non consta expresamente a segunda convocatoria, queda sobreentendido que media hora despois da sinalada quedará constituída en segunda convocatoria e serán válidos os acordos que se adopten calquera que sexa o número de membros presentes ou representados, sempre que un destes sexa o Presidente ou persoa que legalmente o substitúa.

Os acordos tomaranse por maioría de votos presentes ou representados. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente. Tódolos acordos serán recollidos no Libro de Actas e serán autorizados polo Secretario, co Visto e Prace do Presidente. En canto á fixación da Orde do Día, que será establecida polo Presidente, seguirase a mesma norma que para a Asemblea Xeral.

**Artigo 30.-** A Xunta Directiva é o Órgano Rector da Asociación subordinado, exclusivamente á Asemblea Xeral á que dará conta da súa xestión. Son da súa competencia:

- a.** Executa-los acordos da Asemblea Xeral, discuti-la marcha administrativa da Asociación e toma-las decisións que estime convenientes para o goberno da Asociación, sen outros límites que as leis, os Estatutos e os acordos da Asemblea.
- b.** Os poderes máis amplos para a xestión dos fins da Asociación, incluso o nomeamento de Xerente ou calquera outro cargo da Asociación, podendo, en consecuencia, executa-los actos e celebra-los contratos que sexan necesarios e convenientes ó seu xuízo, sen outras limitacións que as que establecen as disposicións aplicables e que estes Estatutos lle atribúen á Asemblea Xeral.
- c.** Confeccionar e someter á Asemblea Xeral os orzamentos anuais da Asociación.
- d .** Confeccionar e prepara-las contas e Memorias do exercicio anterior e determina-las cotas dos membros, para a súa ulterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e.** Elixi-los cargos de Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e Vogais, entre os Asociados integrantes da Candidatura que resultase elixida na Asemblea Xeral.
- f.** Admitir novos membros ou acorda-la súa baixa, ben sexa esta a petición propia ou como sanción, dando conta no seu momento á Asemblea Xeral para o seu refrendo.
- g.** Leva-la representación xurídica da Asociación e exerce-los seus dereitos e accións en xuízo e fóra del, podendo delegar estas facultades, así como calquera outra atribuída por estes Estatutos e polas disposicións aplicables, indistintamente, no seu Presidente, nalgún ou nalgúns dos seus membros, na Xerencia ou en persoa allea á Asociación, sen máis limitacións que as contidas na lexislación aplicable.

h. Tódalas demais funcións propias do seu cometido, contempladas na lexislación aplicable.

A Xunta Directiva resolverá, con asesoramento do Comité de Garantías, as dúbidas que se dean na interpretación dos presentes Estatutos e suplirá as súas omisións, dando conta á Asemblea Xeral para que acorde o que estime oportuno.

**Artigo 31.-** O **PRESIDENTE** da Xunta Directiva serao tamén da Asemblea Xeral, desempeñando as seguintes funcións:

- a. Convocar e presidi-las reunións, tanto Ordinarias coma Extraordinarias, da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- b. Representa-la Asociación en tódalas ordes, actuando no seu nome na execución dos acordos tomados pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva.
- c. Establece-la Orde do Día das reunións coa antelación precisa e incluír puntos novos de debate de acordo co establecido no segundo parágrafo do **Artigo 27**.
- d. Autoriza-las actas das reunións co seu Visto e Prace.
- e. Levar a cabo o programa de traballo presentado á Asemblea e polo que foi elixido.
- f. Asina-las ordes de pagamento.
- g. Con carácter xeral, tódalas demais funcións propias do cargo.

**Artigo 32.-** Son funcións do **VICEPRESIDENTE**:

- a) Asumir, nos casos de ausencia do Presidente, a totalidade das funcións que a este lle correspondan. Presidirá, polo tanto, as reunións, tanto Ordinarias coma Extraordinarias, da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, en caso de que se produza esa ausencia.
- b) No caso de dimisión, incapacidade ou falecemento do Presidente asumi-las súas funcións actuando conforme ó que o R.O.I. estableza para estes casos.
- c) Asina-las ordes de pagamento.
- d) Colaborar cos Vogais 1º e 2º nas obrigas que nazan das Delegacións ou Comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

**Artigo 33.-** Ó **SECRETARIO** compételle:

- a) Formar parte da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva como Secretario e leva-los Libros de Actas de conformidade co establecido.
- b) Facer recensión dos asistentes ás reunións e verifica-los votos a favor, nulos, en branco ou en contra, naquelas cuestións que se sometan a votación, así como verifica-la representación cando o dereito de voto se exerza a través da delegación en outro asociado.

- c) Redactar, consonte as instrucións do Presidente, as convocatorias e a Orde do Día da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- d) Asesorar ambas, así como ter informados a tódolos asociados de cantos asuntos poidan ser de interese.
- e) As funcións que lle deleguen a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou o Presidente.
- f) Asistir e asesorar á Xunta Electoral e expedi-la certificación dos acordos adoptados e dos resultados das votacións.
- g) Expedir certificacións dos acordos, co Visto e Prace do Presidente.

**Artigo 34.-** O **TESOUREIRO** recadará e custodiará os fondos da Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Entre as súas funcións:

- a) Realiza-las contas anuais, para a súa presentación e aprobación na Asemblea Xeral.
- b) Asina-las ordes de pagamento.
- c) Controla-las anotacións dos soportes contables.

**Artigo 35.-** Os **VOGAIS** terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das Delegacións ou Comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende, coa colaboración do Vicepresidente cando este non estea exercendo as funcións específicas do seu cargo.

### **Apartado III. COMITÉ DE GARANTÍAS.**

**Artigo 36.-** É competencia do Comité de Garantías:

- a) Asesorar á Xunta Directiva en todo o que atinxa á interpretación destes Estatutos.
- b) Informar á Xunta Directiva e propoñer sancións dos expedientes que incoe.

### **Apartado IV. XERENCIA.**

**Artigo 37.-** Se chegado o momento a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral, no exercicio das súas competencias e conforme co disposto nestes Estatutos considerasen oportuna a existencia da figura da **XERENCIA** a este Órgano seralle encomendado o funcionamento e desenvolvemento das actividades da Asociación.

**Artigo 38.-** Á Xerencia correspóndelle:

- a. Por delegación do Presidente, a representación da Asociación en toda clase de actos e xestións.

- b. Promove-las actividades encamiñadas ó cumprimento dos fins da Asociación, proponéndolle á Xunta Directiva as solucións oportunas.
- c. Asistir ás sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral con voz, pero sen voto, agás no caso de ser Asociado.
- d. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, segundo as instrucións dadas polo Presidente.
- e. Informar á Xunta Directiva do resultado e incidencias que se produzan na súa xestión.
- f. Dirixir tódolos servicios da Asociación.

**Artigo 39.-** A Xerencia proponse á Xunta Directiva as áreas funcionais que desenvolvan as actividades da Asociación.

**Artigo 40.-** Correspóndelle á Xerencia a execución e a tramitación correspondente á contratación do persoal técnico administrativo e subalterno, axustándose en todo momento ós acordos aprobados pola Xunta Directiva.

#### **Apartado V. COMISIÓNS HORIZONTAIS.**

##### **Artigo 41.- Constitución e Representación.**

A Xunta Directiva poderá crea-las Comisións de traballo que considere pertinentes para o bo funcionamento da Asociación. Cada Comisión terá delimitado o conxunto das actividades que poderá realizar e deberá dar conta delas á Xunta Directiva, que ratificará, se así o estima oportuno, os acordos adoptados na primeira reunión que se celebre con posterioridade.

A Xunta Directiva designará, entre os Asociados, incluídos os membros da Xunta Directiva os Responsables de cada Comisión. As súas actividades estarán abertas á libre participación de calquera Asociado interesado previa aceptación do Responsable da mesma. Cada Responsable poderá solicitar axuda a calquera membro da Asociación.

##### **Artigo 42.- Finalidade.**

A finalidade das Comisións é axiliza-lo funcionamento da Asociación e teñen plena autonomía para a realización de actividades dentro do ámbito de competencias asignado por estes Estatutos ou pola Xunta Directiva. Cada membro da Xunta Directiva só poderá ser titular dunha das Comisións.

#### **CAPITULO 5. RÉXIME ECONÓMICO DA ASOCIACIÓN.**

**Artigo 43.-** A Xunta Directiva someterá á aprobación da Asemblea Xeral o Orzamento de Gastos e Ingresos de cada exercicio económico.

Os ingresos da Asociación procederán de:

- a. Cotas ordinarias.
- b. Cotas extraordinarias, cando as circunstancias o requiran e trala autorización da Asemblea Xeral.

- c. Contribucións especiais.
- d. Doazóns e subvencións de persoas ou entidades públicas ou privadas.
- e. Os rendementos que se obteñan pola explotación dos seus bens.
- f. Calquera outro que poida obter a Xunta Directiva dentro dos fins da Asociación.

**Artigo 44.-** Enténdese por cota ordinaria a que deberán satisfacer periodicamente os Asociados e será fixada pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

Os gastos a que dea lugar o mantemento da Asociación sufragaranse coas cotas e derramas aprobadas, así como, se é o caso, coas contribucións, ingresos e rendementos indicados no **Artigo** anterior.

A administración dos recursos da Asociación compételle á Xunta Directiva, quen a levará a efecto a través da Xerencia, no seu caso, destinándose aqueles ó desenvolvemento dos fins da Asociación.

**Artigo 45.-** A Asociación dispoñerá das contas bancarias necesarias para os seus correctos funcionamento e administración económica.

A vida económica da Asociación acomodarse ó réxime orzamentario. Os orzamentos serán anuais, cadrando a súa vixencia co ano natural e serán redactados pola Xunta Directiva, que os elevará á Asemblea Xeral para a súa aprobación.

O orzamento e liquidación do exercicio anterior formarán parte da documentación que haberá a disposición de calquera Asociado que o solicite durante quince días antes da celebración da Asemblea Xeral na que estes puntos figuren na Orde do Día.

**Artigo 46.-** A disposición de fondos da Asociación efectuarase mediante a sinatura de calquera dos seguintes cargos da Xunta Directiva: Presidente, Vicepresidente ou Tesoureiro.

**Artigo 47.-** O patrimonio inicial ou fondo social da asociación é inexistente e establececese que o exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de Decembro de cada ano.

Consideraranse como bens da Asociación:

- a) Os mobles e inmobles que a Asociación adquiera no futuro.
- b) As cantidades que se integren no patrimonio da Asociación pola aportación dos seus Asociados.

## **CAPÍTULO 6. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS.**

**Artigo 48.-** Calquera modificación dos Estatutos deberá ser aprobada en Asemblea Xeral por unha maioría das tres cuartas partes dos Asociados presentes ou representados.

## **CAPÍTULO 7. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.**

**Artigo 49.-** A Asociación disolverase cando o acorde a Asemblea Xeral, convocada a tal efecto e por unha maioría das tres cuartas partes dos Asociados en primeira convocatoria ou a metade máis un dos Asociados en segunda , ou cando legalmente proceda conforme ás disposicións vixentes.



De non haber maioría suficiente para tomar acordos, nun prazo non superior a un mes a partir da data de falta de acordo, convocarase en forma debida unha Asemblea Xeral Extraordinaria que poderá acordar a disolución da Asociación por acordo maioritario das tres cuartas partes dos Asociados en primeira convocatoria e a metade máis un dos asistentes en segunda convocatoria.

De non haber acordo suficiente de disolución e de non poderse formar unha candidatura a nova Xunta Directiva facultarase á Xunta que presida esta Asemblea a proceder á disolución da Asociación de acordo co establecido no parágrafo seguinte.

En caso de disolución haberanse de liquidar tódalas obrigas e débedas que a Asociación teña pendentes cos membros ou con terceiros, constituíndose para ese efecto a Xunta Directiva en Comisión Liquidadora

Se no procedemento de disolución e posterior liquidación, e, unha vez extinguidas as débedas, existise sobranse líquido, este deberá ser destinado a fins benéficos.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo o non previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica de Asociacións (Lei 1/2002 de 22 de marzo) e disposicións complementarias.